

A CIG denuncia o próximo e drástico recorte de postos de traballo en Correos

REDACCIÓN > FERROL

O responsable sindical da CIG para o sector de Correos na comarca, Carlos do Río, denunciou onte publicamente que a dirección da compañía de servizos postais vén de anunciar un drástico recorte de postos de traballo que afectará ó 80% dos empregados eventuais. Segundo explicou, a plantilla de Correos está formada na comarca por uns 200 traballadores fixos, que xeran outros 100 postos de traballo eventuais. Estes últimos serán os afectados polo recorte.

Así, o persoal fixo terá que asumir a carga de traballo dos carteiros que estean de baixa ou de vacacións -o que ata o de agora facían os eventuais- coa conseguinte precarización das condicións laborais e perda de cualidade do servizo. Carlos do Río criticou o modelo de xestión de Correos, unha compañía que terá que afrontar a liberalización do sector no ano 2011, e subliñou que o seu déficit previsto para o exercicio actual é de 150 millóns de euros e que xa se anunciou un recorte presupostario de 96 millóns.

O representante da CIG describiu o momento actual como "o peor da historia" da empresa Correos e anunciou a convocatoria de mobilizacións, que aínda está por ver se serán conxuntas coas outras centrais. CCOO, CSIC e o Sindicato Libre xa anunciaron protestas, dixo Carlos do Río, porén a CIG vai esperar á reunión que hai prevista para o vindeiro 11 de marzo entre os ministerios de Economía e Fomento, coa dirección de Correos e os representantes dos traballadores, para abordar a situación.

Do Río considerou que a situación de Correos é especialmente grave en Galicia, pola dispersión da poboación. Nesta comunidade a empresa ten 4.000 traballadores fixos e 600 eventuais e desde hai anos o servizo foi deteriorándose pola falta de persoal de reparto. "Nunca se repartiu na zona rural os cinco días da semana", denunciou o representante da CIG, ó tempo que advertía que cos novos recortes de presuposto e persoal haberá que esperar maiores demoras na chegada da correspondencia.